

Programación DIDÁCTICA

ANÁLISE

Conservatorio Profesional de
Música de Culleredo

Conservatorio Profesional de Música

Rúa Andrés Pan Vieiro, nº 30

15670 O BURGO-CULLEREDO

Tfno.: 981.667798

e-mail: conservatorio@culleredo.es

www.culleredo.es

INTRODUCCIÓN

A análise está concibida como materia común para todas as especialidades nos dous últimos cursos do grao profesional aínda que, pola súa propia esencia, se trata dun ensino que debe estar presente ininterrompidamente desde o inicio dos seus estudos musicais. Naturalmente, nun nivel básico ou elemental, o grao de complexidade da análise que o profesor ou a profesora leven a cabo terá que gardar a proporción necesaria cos coñecementos que posúa o alumnado, centrando a atención no recoñecemento dos elementos temáticos, fraseolóxicos etc., e que a súa comprensión sexa indispensable para interpretar correctamente as obras, evitando tecnicismos que poidan resultar incomprensibles. En quinto e sexto do grao profesional, o alumnado posúe xa os coñecementos necesarios para afondar nunha materia tan incuestionable.

Os contidos do ensino da análise abranguen todos os conceptos referidos aos elementos integrantes da nosa linguaxe musical (sen descartar referencias a músicas non occidentais, dada a utilidade da comparación entre elementos afíns con traxectorias culturais diferentes), cun coñecemento teórico básico da música que vai desde o canto gregoriano ata a actualidade, e con carácter procedemental, tamén a análise de obras dos períodos da práctica tonal (Barroco, Clasicismo e Romanticismo), co fin de poder observar con gran perspectiva o contexto diacrónico. Para iso, a análise deberase centrar no estudo dun número de obras representativas dos períodos e dos estilos que, traballadas tan profundamente como sexa posible, deberán achegar unha ampla visión das técnicas musicais occidentais, así como os criterios metodolóxicos que se poderán aplicar á análise doutras obras.

Pola súa parte, os procedementos diríxense á asimilación teórica dunha serie de coñecementos técnicos ou estilísticos que se deberán recoñecer nas obras musicais mediante a análise de partituras e mediante a identificación auditiva dos elementos e dos procedementos estudados, así como unha práctica instrumental básica destes que conduza á súa interiorización.

No presente curso 2021 / 2022 contemplarase o disposto nas Instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de réxime especial para o curso 2021 / 2022 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, así como o Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021 / 2022.

Realizarase unha avaliación inicial durante as primeiras semanas do curso escolar. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitirán identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

- Análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior.
- Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional co fin de tomar decisións de actuación por parte do profesorado.

A programación contempla o ensino presencial. No caso de que a situación sanitaria o requira, contemplarase o ensino semipresencial ou non presencial. Nestes casos seguirán vixentes os contidos, obxectivos e criterios de avaliación que constan na programación, sen prexuízo das adaptacións que se consideren chegado o caso.

No caso de que un alumno, alumna ou profesor se atope nunha situación de cuarentena preventiva, as clases desenvolveranse de modo telemático no mesmo horario que o alumno/a tiña asinado anteriormente. Para a realización destas clases, utilizaranse as aplicacións da plataforma Google Workspace activadas polo centro. Utilizaranse, se é o caso, a dixitalización de partituras, gravacións de audio e vídeo tanto polos docentes como polo alumnado e a comunicación co alumnado por medio do correo electrónico corporativo.

Seguindo as indicacións do profesor, na parte práctica da materia, o alumnado enviará arquivos de vídeo ou audio coas tarefas propostas ao correo electrónico corporativo do profesorado. No caso das tarefas teóricas, o alumnado realizará os traballos correspondentes e enviará un arquivo de imaxe ou pdf ao correo corporativo do profesor.

O alumnado respectará os prazos, formatos e protocolos establecidos. Nas vídeo conferencias para as clases non presenciais, o alumnado deberá ter a súa cámara e audio acendidos, agás nos casos que as deficiencias técnicas non o permitan.

Os procedementos de avaliación serán os dispostos na programación, xa que tanto no caso de ensino presencial como non presencial, considérase que se poden manter os contidos e obxectivos reflectidos na mesma.

5º CURSO DE GRAO PROFESIONAL

OBXECTIVOS

- a) Coñecer os principais e máis básicos elementos e procedementos compositivos das épocas e dos autores, desde o canto gregoriano ata o Barroco.
- b) Analizar obras de música Medieval Renacentista e Barroco, atendendo aos parámetros que as compoñen: macroestruturas e microestruturas, proporcións, contrapunto e harmonía, temática e motívica, textura, ritmo, dinámica, agóxica, tímbrica, articulación etc.
- c) Sinalar na obra as características dos parámetros que a compoñen conferíndolle unha estética propia do estilo a que pertence, e comprender a interrelación dos procedementos compositivos de cada época cos tipos de obras que derivan deles.
- d) escoitar internamente os tipos de acordes e as fórmulas harmónicas máis características das obras analizadas.
- e) tocar esquematicamente nun instrumento polifónico as fórmulas harmónicas máis características das obras analizadas.

CONTIDOS

-Coñecemento dos principais e máis básicos elementos e procedementos compositivos das épocas e dos autores, desde o canto gregoriano ata o Barroco.

-Estudo a través da análise dos compoñentes da linguaxe musical : macroestruturas e microestruturas, proporcións, contrapunto e harmonía, temática e motívica, textura, ritmo, dinámica, agóxica, tímbrica, articulación etc.

-Práctica auditiva e instrumental dos acordes e das fórmulas harmónicas máis características das épocas da práctica tonal, que conduza á súa interiorización.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Para superar o curso o alumno deberá ser capaz de:

-Analizar unha obra ou fragmento dos estilos Medievo, Renacemento ou Barroco atendendo aos parámetros que as compoñen: macroestruturas e microestruturas, proporcións, tonalidade, harmonía (cadencias, acordes e procedementos modulatorios), temática e motívica, textura, ritmo, dinámica, agóxica, tímbrica, articulación etc.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

-Realización en clase dun exame de análise dunha obra dos estilos Medievo, Renacemento ou Barroco, no que deberá sinalar e facer patentes macroestruturas e microestruturas, proporcións, tonalidade, harmonía (cadencias, acordes e procedementos modulatorios), temática e motívica, textura, ritmo, dinámica, agóxica, tímbrica, articulación etc., que aparezan na partitura ou fragmento dados.

(A análise da partitura poderá ir acompañada dunhas preguntas sobre a comprensión dos procedementos anteriores.)

-Execución ao piano de acordes e procedementos estudados.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

-O exame valórase de 0 a 8.

-A execución ao piano valorarase cun máximo de 2 puntos.

-Os traballos de clase poden subir a nota de 0,25 a 1 punto.

6º CURSO DE GRAO PROFESIONAL

OBXECTIVOS

- a) Coñecer os principais e máis básicos elementos e procedementos compositivos das épocas e dos autores, desde Clasicismo e Romanticismo ata as principais correntes do século XX, con especial incidencia nos estilos da práctica tonal.

- b) Analizar obras dos estilos Clasicismo e Romanticismo e século XX atendendo aos parámetros que as compoñen: macroestruturas e microestruturas, proporcións, tonalidade, harmonía (cadencias, acordes e procedementos modulatorios), temática e motívica, textura, ritmo, dinámica, agóxica, tímbrica, articulación etc.

- c) Sinalar na obra as características dos parámetros que a compoñen conferíndolle unha estética propia do estilo a que pertence, e comprender a interrelación dos procedementos compositivos de cada época cos tipos de obras que derivan deles.

- d) escoitar internamente os tipos de acordes e as fórmulas harmónicas máis características das obras analizadas.

- e) tocar esquematicamente nun instrumento polifónico as fórmulas harmónicas máis características das obras analizadas.

CONTIDOS

-Coñecemento dos principais e máis básicos elementos e procedementos compositivos das épocas e dos autores, desde Clasicismo e Romanticismo ata as principais correntes

do século XX, con especial incidencia nos estilos da práctica tonal.

-Estudo a través da análise dos compoñentes da linguaxe musical: macroestruturas e microestruturas, proporcións, tonalidade, harmonía (cadencias, acordes e procedementos modulatorios), temática e motívica, textura, ritmo, dinámica, agóxica, tímbrica, articulación etc.

-Práctica auditiva e instrumental dos acordes e das fórmulas harmónicas máis características das épocas da práctica tonal que conduza á súa interiorización.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

-Analizar unha obra ou fragmento dos estilos Clasicismo-Romanticismo ou século XX atendendo aos parámetros que as compoñen: macroestruturas e microestruturas, proporcións, tonalidade, harmonía (cadencias, acordes e procedementos modulatorios), temática e motívica, textura, ritmo, dinámica, agóxica, tímbrica, articulación etc.

-Tocar no piano os procedementos estudados demostrando certa soltura na busca das notas correctas de cada acorde.

--Realización en clase dun exame de análise dunha obra dos estilos Clasicismo-Romanticismo ou século XX no que deberá sinalar e facer patentes macroestruturas e microestruturas, proporcións, tonalidade, harmonía (cadencias, acordes e procedementos modulatorios), temática e motívica, textura, ritmo, dinámica, agóxica, tímbrica, articulación etc., que aparezan na partitura ou fragmento dados. (A análise da partitura poderá ir acompañada dunhas preguntas sobre a comprensión dos procedementos anteriores.)

-Exposición dun traballo de análise sobre unha obra do repertorio propio de 6º de Grao Profesional.

--Execución ao piano de acordes e procedementos estudados.

PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

--Realización en clase, dun exame de análise dunha obra dos estilos Clasicismo-Romanticismo ou século XX, no que deberá sinalar e facer patentes macroestruturas e microestruturas, proporcións, tonalidade, harmonía (cadencias, acordes e procedementos modulatorios), temática e motívica, textura, ritmo, dinámica, agónica, tímbrica, articulación etc., que aparezan na partitura ou fragmento dados.

(A análise da partitura poderá ir acompañada dunhas preguntas sobre a comprensión dos procedementos anteriores.)

-Exposición dun traballo de análise sobre unha obra do repertorio propio de 6º de Grao Profesional.

-Execución ao piano de acordes e procedementos estudados.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

-O exame valórase de 0 a 7.

-A exposición do traballo de análise puntuará un máximo de 2 puntos.

-A execución ao piano valorarase cun máximo de 1 punto.

-Os traballos de clase poden subir a nota de 0,25 a 1 punto.

ENFOQUE METODOLÓXICO

Os contidos do ensino da análise abranguen un coñecemento teórico básico da música desde o canto gregoriano ata a actualidade e, con carácter procedemental, tamén a análise de obras dos períodos da práctica tonal (Barroco, Clasicismo e Romanticismo), co fin de poder observar con gran perspectiva o contexto diacrónico.

Para lograr isto, a análise deberase centrar no estudo dun número de obras representativas dos períodos e dos estilos que, traballadas tan profundamente como sexa posible, deberán achegar unha ampla visión das técnicas musicais occidentais, así como os criterios metodolóxicos que se poderán aplicar á análise doutras obras.

Pola súa parte, os procedementos diríxense á asimilación teórica dunha serie de coñecementos técnicos ou estilísticos que se deberán recoñecer nas obras musicais mediante a análise de partituras e mediante a identificación auditiva dos elementos e dos procedementos estudados, así como unha práctica instrumental básica destes que conduza á súa interiorización.

RECURSOS DIDÁCTICOS

Libro de texto:

Título: Curso de formas musicales / Autor: Joaquin Zamacois / Editorial: R.M.

Outros libros recomendados:

Título: Armonía / Autor: Walter Piston / Editorial: Labor

Título: Fundamentos de composición / Autor: Arnold Schöenberg / Editorial: R.M.

Título: Manual de formas musicales / Autor: Dionisio de Pedro / Editorial: R.M.

Título: Funciones estructurales de la Armonía / Autor: Arnold Schöenberg / Editorial: R.M.

ACTIVIDADES

Cada alumno de 6º curso de Análise realizará ao remate do curso unha exposición que terá como tema a análise dunha obra do seu repertorio de 6º curso de instrumento. A esta exposición poderá asistir libremente alumnado doutros cursos. Ao alumnado de Harmonía e Análise valoraráselles positivamente a súa asistencia.

A asistencia a concertos programados polo centro valorarase positivamente aos alumnos de Harmonía e de Análise.

COORDINACIÓN E REVISIÓN DA PROGRAMACIÓN

O Departamento de Harmonía e Composición reunirase mensualmente en sesións ordinarias para coordinar e modificar se fose necesario as programacións das asignaturas do departamento para axustarse ás necesidades do centro, ou por criterios de mellora do

nivel formativo do alumnado. Así mesmo, poderá reunirse en sesión extraordinaria se a urxencia ou a gravidade do asunto a tratar así o requirise.

AVALIACIÓN INTERNA

O Departamento de Harmonía e Composición, na reunión ordinaria do mes de xullo, realizará unha valoración do cumprimento dos obxectivos do departamento en canto ao seu labor de coordinación entre as materias pertencentes a este, así como unha avaliación xeral do grao de consecución de obxectivos de cada unha das materias do departamento. O obxectivo desta autoavaliación é poder modificar o que sexa necesario, para un mellor funcionamento do departamento e tamén un mellor rendemento de cada unha das materias que o compoñen.